

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

Ensaio e pensamento

Un camiño novo para unha vella utopía

Cando tiven nas miñas mans este fermoso libro, o primeiro que me viu a cabeza foi: Como se edita hoxe! E... en galego. Unha crítica de **Carlos Méixome** ao libro *Un camiño novo para unha vella utopía*.

- 14:35 25/08/2004

A un, formado na Enciclopedia Ilustrada Álvarez, os textos escolares de hoxe seméllanlle un luxo asiático e un libro coma este, primorosamente coidado e sobre todo marabillosamente ensarillado en torno a unha profusa e fermosa serie de fotografías de Carlos Puga e Nacho Gómez, unha "delicatessen" de sibarita.

Foi o primeiro flash. Facer unha comparanza imposible entre a cutrería franquista da Enciclopedia Álvarez ou as portadas a coloriños das noveliñas de "vaqueiros" de Keith Luger ou Marcial Lafuente Estefanía con esta fermosura. Pertenzo a unha xeración formada nos inicios da imaxe. Eu son dos que pasaron da *pizarra* e do *pizarrín* ao Word e o Photoshop. Xa que logo, as imaxes dun videoclip son absolutamente incomprensibles para min porque non as dou seguido.

Xeralmente temos a imaxe do fotógrafo como un individuo que traballa na soidade da máquina, do disparo, do laboratorio. Neste caso, temos un traballo conxunto, que eu só coñecía polo libro que inaugurou esta colección de Edicións do Cumio; refirome ao do Entroido. Sinceramente os meus parabéns a Carlos Puga e a Nacho Gómez. Os videoclips non, pero a foto fixa si que son capaz de seguila xa que non se me escapa. Tamén, como pertenzo a unha xeración que elaborou os seus soños, e tivo outras primeiras experiencias nos cines o segundo flash foi a luz cenital, crepuscular que empregan Nacho Gómez e Carlos Puga, nomeadamente nas fotos dos edificios. Esa tonalidade lembroume moito ao meu fotógrafo favorito no cine, un italiano chamado Vittorio Storaro que traballa entre outros, con Bertolucci, e que é unha das miñas debilidades de cinéfilo que abandonou a súa afección.

O terceiro flash foi, a ben seguro polo tema, relacionar este traballo fotográfico coa Idade Media. Imaxinei a Carlos e Nacho como dous monxes coidando ata o mínimo detalle dunha letra capital do pergameo no que ían iniciar un novo documento, ou como uns miniaturistas mesturando cores con finos pinceis sobre o coidado pelexo. Imaxinaba así a Nacho e Carlos agardando, con paciencia beatífica, o momento para captar, coller, fixar un instante para vertelo logo no papel e permitírnos telo atrapado para sempre. A imaxe vulgar dunha Idade Media retrógrada e inmóbil fainos esquecer realidades esplendorosas como os códices que agora podemos volver a recuperar grazas ás tecnoloxías que reducen man de obra e tempo, ademais de abaratar custes. Sen a florecente Idade Media, sen o esplendor do reino de Galicia, este libro non tería sentido, non teríamos as xoias do románico que nel saen retratadas, nin o Camiño, nin Compostela. Daquela,

Galicia estaba na Fisterra, pero non era periferia. Era centro. Un centro no que se iniciaba e remataba un proxecto político de Unión Europea.

Atrapade as imaxes, detédevos nas paisaxes e rematade cos fotógrafos na Praia do Rostro sen chapapote e na romaría da Virxe da Barca.

Repito, pois, os meus parabéns aos dous fotógrafos, ao editor Antón Mascato e tamén a quen, como o editor, ás veces queda semioculto detrás do libro, que é o seu realizador, neste caso Manoel Santos, quen nos ten acostumados a uns magníficos traballos.

Falei de tres flashes para referirme ao aspecto fotográfico do libro e agora vou apuntar tres notas para falar do texto de Xulián Maure.

Primeira nota. Xa coñecedes o tema: O Camiño de Compostela. O título indica xa que isto non é unha guía ao uso, xa o podedes comprobar ao botarlle unha ollada ás fotografías, pero o título tamén axuda: *Un Camiño novo para unha vella utopía*. Temas moi de Xulián: a modernidade, a tradición, a innovación, as raíces, a utopía, a xustiza social, a ética, pero tamén a espiritualidade, a relixiosidade, a crenza, a ecumene. Pois Xulián neste tema está na situación dentro fóra que coidan os antropólogos é a mellor para estudar calquera comunidade ou cultura. Isto é estar dentro da cultura para coñecer os seus códigos, mesmo os máis ocultos, e xa que logo, non caer como un paracaidista; e polo outra banda, ter cando menos un pé, ou mellor pé e medio fóra, que che permita manter unha certa distancia, observar dende lonxe, analizar sen exceso de paixón. Esta é a situación de Xulián neste tema, e iso dálle unha gran vantaxe.

O artigo completo, na edición impresa de TEMPOS Novos (nº87, agosto 2004)